

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas provisionais para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 6.2 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, o prazo de presentación de solicitudes para formar parte das listas iníciase anualmente o 1 de marzo e remata o 30 de abril.

O dito prazo suspendeuse o 14 de marzo, de acordo co establecido na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e restableceuse, ao abeiro da Resolución do Congreso dos Deputados do 20 de maio de 2020 (BOE núm. 145, do 23 de maio), por un tempo equivalente ao que permaneceu suspendido, isto é, do 1 de xuño ata o 18 de xullo de 2020.

Unha vez finalizado o dito prazo foron examinadas as instancias presentadas coa finalidade de comprobar a concorrencia dos requisitos exixidos e valorar os méritos alegados polas persoas interesadas.

Concluídos os anteriores traballos, elaboradas e aprobadas as listaxes correspondentes, a Comisión Permanente, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, acordou elevar ao titular da Dirección Xeral da Función Pública as listaxes provisionais de admitidos e excluídos para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co establecido no artigo 11 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas as listas provisionais para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario dos corpos e escalas que se relacionan no anexo I desta resolución, así como para o desempeño temporal de postos reservados a persoal laboral dos grupos e categorías que se relacionan no anexo II.



Segundo. As listas poderán consultarse no portal web corporativo da Xunta de Galicia, <http://funcionpublica.xunta.gal>, epígrafe de <Listas de contratación>; no Servizo de Atención e Información á Cidadanía a través do teléfono 012, e nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia (oficinas dos edificios administrativos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo).

Nas devanditas listas figura a seguinte información:

- Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación provisional resultante da aplicación do baremo establecido nos artigos 9 e 9.bis do Decreto 37/2006.
- Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Terceiro. As persoas interesadas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar reclamacións ante a Comisión Permanente (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Facenda e Administración Pública, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

Xunto coas ditas reclamacións, achegarase, de ser o caso:

- Documentación precisa para emendar a causa de exclusión.
- Certificación de servizos prestados na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, no mesmo grupo, categoría, corpo ou escala, nos termos previstos nos artigos 9.b) e 9.bis.a.1 do Decreto 37/2006, segundo o modelo que figura como anexo III desta resolución. A certificación será expedida polas unidades seguintes:
 - Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral técnica da consellería respectiva ou do ente público instrumental onde estea a prestar servizos ou onde os prestou por última vez.
 - Servizos periféricos: xefes/as territoriais ou funcionario/a responsable da área de persoal dos departamentos territoriais, directores/as provinciais ou delegados/as comarcrais da consellería ou do ente público instrumental onde preste servizos ou onde os prestou por última vez.



– Certificación de servizos prestados en concellos ou mancomunidades de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables ás categorías adscritas aos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. A certificación axustarase ao modelo que figura como anexo IV da presente resolución e deberá ser asinada polo/a secretario/a do concello.

– Certificación de servizos prestados nas demais entidades públicas instrumentais do sector público autonómico na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables ás categorías adscritas aos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. A certificación axustarase ao modelo que figura como anexo V da presente resolución e deberá ser asinada polo/a órgano da entidade equivalente ao/á secretario/a xeral técnico/a con competencia en materia de persoal.

No suposto de que algunha das persoas solicitantes provisionalmente excluída non presente a documentación necesaria para emendar a causa de exclusión, quedará definitivamente excluída.

As persoas integrantes das listas que na súa solicitude de inclusión autorizasen expresamente a consulta dalgúns datos pola Administración e que figuraren excluídas nestas listas provisionais por causas relacionadas coa imposibilidade material da obtención dos ditos datos deberán achegar, para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos, no indicado prazo de dez días concedido para formular reclamación contra as listas provisionais, copia compulsada da documentación respecto á cal non foi posible obter datos ao realizar a consulta.

Cuarto. A partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, tanto as persoas solicitantes provisionalmente admitidas como as provisionalmente excluídas poderán presentar solicitude de suspensión de chamamentos de conformidade co establecido no artigo 15.2. do Decreto 37/2006.

O modelo de solicitude encóntrase á disposición das persoas interesadas no portal web corporativo da Xunta de Galicia:

<http://funcionpublica.xunta.gal>, epígrafe de <Listas de contratación>



Unha vez transcorrido o prazo para formular alegacións, levaranse a efecto as emendas procedentes e daráselles publicidade ás listas definitivas no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO I

Corpos, escalas e especialidades (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/ escala	Denominación
A1	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información
A1	2060	Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A1	2061	Escala de arquitectos
A1	2062	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos
A1	2063	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría agronómica
A1	2064	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría industrial
A1	2066	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de montes
A1	2067	Escala de veterinarios
A1	2068	Escala de ciencias. Especialidade de bioloxía
A1	2069	Escala de ciencias. Especialidade de química
A1	206K	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
A1	206L	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A1	206M	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
A1	2072	Escala de arqueólogos
A1	2086	Escala superior de finanzas
A1	2093-01	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en lexislación marítima
A1	2093-02	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en procesos de cultivo acuícola
A1	2093-03	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en navegación marítima
A1	2093-04	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en pesca marítima / bioloxía pesqueira.
A1	2093-05	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en inglés marítimo
A1	2093-07	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en intervencións subacuáticas e hiperbáricas



Grupo	Corpo/ escala	Denominación
A1	2093-08	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en comunicacions
A1	2093-09	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en máquinas e instalacions mariñas
A1	2093-10	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en procesos sanitarios
A1	2093-11	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en formación e orientación laboral
A1	210A	Escala de inspección urbanística
A2	2051	Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A2	2052	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica forestal
A2	205F	Escala técnica de finanzas
A2	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
A2	206I	Escala de inspección turística
A2	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
A2	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A2	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
A2	2073	Escala de arquitectos técnicos
A2	2074	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas
A2	2075	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica industrial
A2	2076	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de topografía
A2	2077	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica agrícola
A2	2094-01	Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en traballos técnicos de mergullo
A2	2094-02	Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en máquinas e producción
A2	2094-03	Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en servizos ao buque
A2	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira
A2	210B	Escala de subinspección urbanística
C1	2053	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
C1	205I	Escala técnica auxiliar de informática
C1	207C-02	Escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia
C1	207H	Escala de axentes facultativos ambientais (a extinguir)
C1	207V	Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia. Especialidade patrón.
C1	207W	Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia. Especialidade mecánico.



Grupo	Corpo/ escala	Denominación
C1	2081	Escala de delineantes (a extinguir)
C2	2059	Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	2055	Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

ANEXO II
Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	004	Titulado/a superior
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a
I	011	Titulado/a superior pedagogo/a
I	018	Licenciado/a informático/a (antigo/a técnico/a de sistemas e analista titulado/a superior)
I	019	Titulado/a superior especialista. Titulado/a superior farmacéutico/a
I	029	Xefe/a departamento persoal e xestión económico-administrativa do IGAEM
I	030	Relacións públicas do IGAEM
I	031	Titulado/a superior de formación ocupacional
II	001	Director/a-administrador/a. Director/a de centro social. Director/a casa da xuventude. Subdirector/a residencia xuvenil. Preceptor/a residencia. Director/a centro. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM. Secretario/a de residencia. Director/a de cociña de irmandade. Director/a de clínica deportiva
II	005	Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas
II	006	Educador/a. Profesor/a especial
II	007	Titulados/as grao medio
II	008	Director/a de gardaría infantil
II	011	Fisioterapeuta
II	017	Asistente/a social
II	020	Terapeuta ocupacional
II	021	Monitor/a ocupacional
II	027	Técnico/a superior diplomado/a en informática (antigo analista de aplicacións (titulado medio) e antigo analista programador/a (titulado/a medio)
II	037	Titulado/a medio/a formación ocupacional
II	040	Mestre/a especialista en educación infantil
III	002	Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2ª administración. Administrador/a. Secretario/a-administrador/a residencia xuvenil. Administrador/a de producción de centros. Secretario/a de dirección do IGAEM. Axudante/a de dirección e difusión da música. Axudante/a de dirección e difusión do CDG



Grupo	Categoría	Denominación
III	004	Gobernante/a. Gobernante/a servizos domésticos. Encargado/a lavadoiro, roupeiro, ferro de pasar
III	005	Intendente. Encargado/a de establecemento. Encargado/a de almacén
III	006	Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento. Conservador/a de edificios. Encargado/a oficios varios mantemento. Xefe/a de taller. Encargado/a de traballos. Especialista de oficios
III	012	Mestre/a de taller
III	014	Xefe/a de cociña
III	017	Analista de laboratorio
III	018	Marcador/a de metais preciosos
III	023	Celador/a de estradas. Capataz de brigada
III	030	Programador/a
III	034	Especialista de oficios (debuxante)
III	036	Experto/a audiovisuais
III	039	Rexedor/a de escena
III	040	Axudante/a de producción
III	045	Técnico/a de luces
III	049	Axente auxiliar inspección transportes
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia
III	052	Tradutor/a. Intérprete da Administración de xustiza
III	060	Auxiliar técnico/a de obra. Auxiliar técnico/a obra TIE
III	063	Oficial 1ª condutor/a. Condutores/as 1ª. Condutores/as altos cargos. Condutor/a mecánico/a
III	064	Oficial 1ª tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada
III	065	Oficial 1ª cociña. Oficial 1ª cociñeiro/a. Xefe/a cociña. Cociñeiro/a 1ª
III	066	Axudante/a taller. Adxunto/a taller
III	069	Oficial/a servizos técnicos. Oficial 1ª mantemento. Oficial 1ª oficios varios. Oficial de primeira
III	078	Subgobernante/a
III	090	Animador/a sociocultural
III	097	Auxiliar de son
III	098	Auxiliar de luces
III	101	Proxeccionista
III	102	Encadernador/a
III	103	Entrevistador/a-enquisador/a
IV	001	Auxiliar gravación. Oficial/a 2ª linotipista. Auxiliar administrativo/a. Oficial 2ª administrativo/a. Técnico/a auxiliar en informática. Operador/a máquina elemental. Auxiliar



Grupo	Categoría	Denominación
IV	002	Auxiliar mecánico/a. Oficial/a 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación obras
IV	004	Auxiliar fogar. Coidador/a auxiliar. Auxiliar coidador/a. Auxiliar de internado
IV	005	Oficial/a 2ª cociña. Cociñeiro/a oficial 2ª
IV	006	Axudante/a servizos técnicos. Oficial/a 2ª mantemento
IV	007	Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación
IV	011	Auxiliar de laboratorio
IV	016	Condutor/a
IV	017	Almaceniero/a. Despenseiro/a
IV	020	Conserxe (cando teñan ao seu cargo persoal subalterno ou ordenanza)
IV	022	Oficial/a 2ª en reprografía
IV	028	Auxiliar producción-dirección
IV	030	Auxiliar formación ocupacional
IV	031	Legoeiro/a
IV	034	Axudante/a restauración e proxección cinematográfica
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
IV	036	Auxiliar de museos
IV	039	Auxiliar de autopsia
V	001	Camareiro/a-limpador/a. Axudante cociña. Pasador/a de ferro-lavandeiro/a. Costureiro/a. Cortador/a. Pasador/a de ferro/a. Lavandeiro/a
V	002	Axudante/a traballos ou oficios. Axudante/a albanel. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n. Axudante/a traballos. Encargado/a xardín
V	003-01	Ordenanza. Celador/a. Vixilante oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalterno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado
V	003-02	Resolución 26.6.2018 (DOG núm. 122, do 27.6.2018). Ordenanza. Celador/a. Vixilante oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalterno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado
V	008	Peón/oa agrario/a
V	009	Celador/a de segunda. Vixilante de recursos naturais
V	10D	Socorrista
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos
V	10F	Peón/oa forestal
V	011	Limpador/a. Fregador/a. Empregado/a comedor. Empregado/a cociña-pinche. Servizo doméstico. Mozo/a de limpeza. Pinche de cociña. Persoal servizos xerais
V	012	Peón/oa. Laborante. Varredor/a. Mozo/a servizos. Mozo/a laboratorio. Mozo/a. Pastor/a. Xardineiro/a. Mozo/a transportes. Peón/oa xardineiro/a/ EFU. Mozo/a mantemento. Mozo/a subalterno



Grupos e categorías do persoal laboral dos servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

Grupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico/a superior defensa contra incendios forestais
II	039	Técnico/a forestal defensa contra incendios forestais
III	100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
IV	032	Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios forestais
IV	033	Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
IV	037	Oficial/a 2ª mecánico máquinas defensa contra incendios forestais
V	10A	Vixilante móvil defensa contra incendios forestais
V	10B	Vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais. Escoita incendios
V	014	Bombeiro/a forestal
V	14A	Bombeiro/a forestal condutor/a





ANEXO III
Certificación de servizos prestados

(Resolución do _____; DOG núm. _____, do _____ de _____ de 20____)

D.ª/D.

(Nome da/do funcionaria/o que certifica)

Cargo

CERTIFICA:

Que segundo os antecedentes que constan neste centro directivo e á vista da documentación achegada pola/o interesada/o, da cal se conserva unha copia cotexada nesta unidade, dona/don _____, con DNI núm. _____, prestou servizos no grupo, categoría, corpo, escala e/ou especialidade e nos períodos e consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou entidades (artigos 9.b) e 9.bis.a.1 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo), que a seguir se indican:

Grupo/ categoría (código)	Corpo/ escala (código)	Denominación do posto	Consellería ou entidade da Xunta de Galicia	Código do posto de traballo (de ser o caso)	Descontinuo (si/non)*	Fin de semana (si/non)*	Data inicio	Data fin	Total (en días)*

E para que así conste, asino a presente certificación en _____, o _____ de _____ de 20_____

(Sinatura)

* Nota:

-Os servizos prestados abranguerán exclusivamente ata o 31 de decembro de 2019.

-É moi importante que no caso de postos descontinuos ou de fin de semana se reflectan exclusivamente os días efectivamente traballados.



ANEXO IV
Certificación de servizos prestados en concellos ou mancomunidades de municipios
da Comunidade Autónoma de Galicia

(Resolución do _____; DOG núm. _____, do _____ de 20____)

D.º/D.

(Nome da/do funcionaria/o que certifica)

secretario/a do concello de

CERTIFICA:

Que, segundo os antecedentes que constan neste concello ou mancomunidade de municipios, dona/don _____, con DNI núm. _____, prestou servizos neste concello ou mancomunidade de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia, no grupo e categoría e nos períodos que a seguir se indican:

Grupo/ categoría (código)	Denominación do posto	Concello ou mancomunidade de municipios	Código do posto de traballo (de ser o caso)	Descontinuo (sí/non)*	Fin de semana (sí/non)*	Data inicio	Data fin	Total (en días)*

E para que así conste, asino a presente certificación en _____, o _____ de 20_____

(Sinatura)

O/A secretario/a

Visto e prace:

O/A alcalde/sa

* Nota:

- Os servizos prestados abranguerán exclusivamente ata o 31 de decembro de 2019.
- É moi importante que no caso de postos descontinuos ou de fin de semana se reflectan exclusivamente os días efectivamente traballados.
- Unicamente se computarán os servizos que se acreden ten prestados na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables ás categorías adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



ANEXO V
Certificación de servizos prestados en entidades instrumentais
do sector público autonómico do artigo 9.bis.a) 2 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo

(Resolución do _____; DOG núm. _____, do _____ de 20____)

D./D.^a

cargo

(Nome da persoa responsable que certifica)

CERTIFICA:

Que segundo os antecedentes que constan nesta entidade, don/dona _____, con DNI núm. _____, prestou servizos nesta entidade no grupo e categoría e nos períodos que a seguir se indican:

Grupo/ categoría (código)	Denominación do posto	Entidade pública	Código do posto de traballo (de ser o caso)	Descontinuo (si/non)*	Fin de semana (si/non)*	Data inicio	Data fin	Total (en días)*

E para que así conste, asino a presente certificación en _____, o _____ de _____ de 20_____

(Sinatura)
O/A titular do órgano que asina

* Nota:

- Os servizos prestados abranguerán exclusivamente ata o 31 de decembro de 2019.
- É moi importante que no caso de postos descontinuos ou de fin de semana se reflictan exclusivamente os días efectivamente traballados.
- Unicamente se computarán os servizos que se acrediten prestados na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables ás categorías adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.